

ASAMBLEA DA COORDINADORA DE VILAS E BARRIOS DA CORUÑA

Data da assemblea: 14/11/2011
Lugar: Montealto
Hora: 19:30 primeira convocatoria
20:00 convocatoria ampliada

PUNTO 0.- Asistentes y organización de moderador y actas

- **Agra,**
- **Montealto,**
- **Ría,**
- **Palavea,**
- **Universidad,**
- **Grupos:**
- **Gupo de Trabajo de Comunicación:** Olalla.
- **Grupo de Trabajo Asamblea Popular 15M “Mallos”:** Carlos.
- **Feminismo 15M Coruña** (Olalla, Carlos y posterior a una reunión de Feminismo Xulia)
- **ATTAC:** Marcos
- **Robin Hood:** Tone y Rocío

- **Actas:** Andrea y Carlos Alberto
- **Moderación:** Olalla

PUNTO 1: Proposta de orde do día e enmendas

- 1.- Información de Barrios e Vilas
- 2.-20-N e actividades
- 3.- IIª Xuntanza Indignada
- 4.- Varios:

- 5.- Orden del día y planificación siguiente reunión de REDE

PUNTO 2: Corpo de Acta

1.- Información de Barrios e Vilas

Agra: A semana que ven teñen programada unha actividade de traballo sobre o material acumulado para a Xuntanza. Decidiron adicar unha xornada completa á realización do traballo de modo que o farán máis intensivo.

Para o día 18 están esperando para reunirse con unha compañeira que quere axudar a preparar unha chirigota ao gaditano. A temática sería A Santa Compañía.

Mallos: O grupo de Los Mallos que estivo desenrolándose no barrio, nas suas actividades comenza esta semana coa sua actividade asamblearia na praza Ramón Cabanillas.

Ría: assemblea de Sanidade na que haberá varios traballadores expoñendo e aínda está pendiente de fixar data.

Fixeron assemblea temática na Feira de Vilaboa. Sumaron a xente aos listados de correo.

Reunironse coa xente da Plataforma de Afectados polo AVE. Xa tiveron reunión e había xente que estaba exclusivamente pola plataforma, aínda que un era compañeiro da assemblea. Informaron dos 8 puntos. Preguntaron se había algo elaborado detrais, preguntaban pola organización. Formalizouse unha comisión de transporte con visos

de transversalidade, fomentando as incorporacións: horarios de buses, transporte adaptado. Eles van mandar unha carta aos seus asociados. Prevista para o primeiro mercores de cada mes e xa irán xurdindo ideas. Moi importante a cercanía da universidade aos apeadeiros de renfe para falar dun tren de cercanías.

No concello IU presenta a moción para a dación en pago.

Continúan coa construción da Asociación Cultural co obxectivo de rexistrarla no concello para poder participar nas actividades de participación cidadá.

Montealto: reestructuración de grupos de traballo do barrio, reasignáronse as actividades. Fixeron especial fincapé no grupo de comunicación.

Propoñen un novo grupo de contacto exterior, para despois da Xuntanza, preguntan se pode ser unha función transversal.

O grupo de Espacios públicos propón unha acción na rúa de protesta pola cerrazón dos espazos sociais (centros cívicos) no seu barrio. Propoñen entrar, ler un comunicado e saír, posiblemente despois do 20-N

Chegou comunicación do xulgado sobre o segundo recurso. Envíaran nota de prensa para que se difunda.

As firmas do bus teñen que ser entregadas antes de final de mes para o seu rexistro.

Palavea: están repartindo octavillas nos buzóns, fala das opcións de voto e do que cobran os partidos políticos por cada escaño, por votante...

Para o día 15 solicitaron un espazo no centro cívico para realizar unha xuntanza e respostaronlles que non de palabra, falta que envíen a documentación. Falan da posibilidade de que fagamos un Documento no Rexistro do Concello e así facer accións de protesta e presión: notas de prensa, valedor do pobo, outras organizacións.

Facer unha xornada de troco no Obelisco ou M^a Pita. Que seña para todo o mundo porque están alí os bancos ou as "cortes". Participar alí todas as asembleas e facer unha crítica do sistema-do diñeiro. Ideal sería antes do Nadal pero se non da tempo quedaría para despois do nadal.

Colexio de Pedralonga, funcionaba dende fai máis de 50 anos e está abandonado. Fai dous anos pechouse o colexio. Xa había proxectado facer un colexio de infantil, con área de xogos, con locais sociais e o representante do PP díxolles nunha reunión que non había orzamento. Están presionando para que abra.

Montouse unha asociación de veciños que ten toda a pinta de estar instrumentalizada, poñen o exemplo de que nunha entrevista da prensa falan de que non houbo ningunha petición no barrio para facer o colexio ou a pasarela, que eles o fan. Aportan a solicitude con 732 sinaturas que xa tiñan presentadas fai varios anos, varias das persoas que compoñen a asemblea de Palavea.

Universidade: asemblea do grupo el mércores 16 ás 17:00 na facultade de dereito, no patio interior.

Na pasada asemblea do grupo de traballo da Universidade asumíronse os 8 puntos como parte natural do 15M, se queremos ser unha asemblea popular non ten sentido discutilos. En todo caso marcouse a tarefa de que fosemos adicando tempo, semana a semana a traballar cada punto. De todas formas se propón sumar máis xente para discutir os oito puntos aprobados na praza do obelisco o 22 de maio.

Proposta de mesa Redonda de Candidatos a Rector proposta para o 22 ás 18:00 no Salón de actos de CC. Económicas.

Grupo de Traballo de Comunicación: as dúas persoas (Olalla e Marta) decidiron que a partir de decembro non se encargan de subir máis actas o blog principal. Levan meses pedindo que se sume xente o grupo porque están desbordadas de traballo e ninguén o fai. Pronoñen que se continúe formando máis xente nos barrios e que se solucione esta petición de rotatividade nas tarefas de comunicación co blog xeral.

Grupo de Traballo Asemblea Popular 15M “Mallos”: este xoves 17 novembro ás 20:00 horas comezará a asemblea popular dos mallos. Foméntase a participación.

Grupo de Traballo Feminismo 15M Coruña: ao final da reunión da REDE informáronnos de que se propuxera facer unha “Acción de Difusión de cara aos medios o día 24 de Novembro” na Praza de Lugo a partir das 18:00 horas e que se farían actividades. A proposta é de diferentes colectivos de feminismo de coruña.

Principalmente en relación aos recortes do concello con respecto aos servizos sociais CIM. Sinalar as repercusións de cara as mulleres. Denunciar a chamada “Violencia Institucional”.

Levou a título persoal, non se foi falar como 15M. Incluíuse máis xente ao grupo de traballo. O grupo de traballo continúa organizándose.

ATTAC: propuxeron facer asembleas temáticas na Universidade, fano extensivo a todas as demais asembleas. Comentan que é habitual que haxa membros de ATTAC de toda España por Coruña e que poderían aportar os seus coñecementos.

Traballan na radio alternativa Cuac.fm e propoñen incansablemente que se faga fluir a información para poder difundila. Falamos das súas experiencias de traballo a nivel de toda España a través de Internet. Skype (chat de voz e imaxe incluso) e documentos colaborativos, os pad.

Están organizando xornadas de traballo con outras asembleas de Galiza para mostrar técnicas de traballo on-line, propoñen Centralizar o tráfico de información.

Robin Hood: informan de que este venres as 20:00 hrs na praza azcárraga, van facer unha acción e denunciar públicamente aos beneficiados da crise e do expolio.

Deixan contacto para resposta.

2.- 20-N e actividades

VENRES DÍA 18 DE NOVEMBRO	SÁBADO DÍA 19 DE NOVEMBRO
PECHE INDIGNADO DA CAMPAÑA ELECTORAL	MSGOSTO REFLEXIVO INDIGNADO
facen un acto de contido político	queimada e castañas
PRAZA DE PONTEVEDRA: 19:00 hrs	PRAZA DO 15M: 19:00 hrs
Vanse presentar os contidos das asembleas de: - Montealto sobre a ley d´Hont - Agra sobre o tratado no barrio - Cuac.fm dun programa de radio destes días - Ría: “Denuncia: ¿como afecta a crise aos ricos e aos pobres?”	Vaise facer un magosto. Montealto encargase de castañas e queimada e vai adiantar os cartos. Logo na praza proporase colaborar co que se poida para sufragar os gastos. Hai cartaces por pegar, cinco modelos.

3.- IIª Xuntanza Indignada

En Montealto comencan tamén esta semana que ven sobre os puntos que lle son propios.

Dende a Ría, como metodoloxía para levar adiante o debate propoñen que no primeiro dos tres puntos propostos (Balance) se elabore unha ponencia por parte de cada unha de las asembleas que participen, que ademais falta por desenrolar todo o método de traballo e que o grupo debería reunirse.

As datas propostas son o 2 de decembro ou o 17 de decembro.

Reafirmanse na súa proposta de puntos para a orde do día.

- .- Balance do que fixemos, do feito ata o de agora.
- .- Debate dos 8 puntos
- .- ¿Cómo levalos a sociedade?
- .- Protocolo

4.- Varios

5.- Orde do día e planificación seguinte reunión da REDE

Ría ten a responsabilidade da seguinte si seguimos a dinámica comenzada fai xa uns cantos meses. Buscará local e nos comunicará pero preveen que sexa no mesmo sitio de O Burgo. .

Proposta da orde do día seguinte:

- 1.- Información de barrios**
- 2.- IIª Xuntanza Indignada**
- 3.- 25-N**
- 4.- Resaca electoral**
- 5.- Varios**
- 6.- Orde do día e planificación da seguinte reunión da Rede**